



REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 23/09/2021 14:04:34
SAIDA 14735/21




Reclamante: 
Expediente. Nº **RSCTG 97/2021**

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 12 de xullo de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 21 de setembro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 12 de xullo de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Dirección Xeral de Función Pública do 10 de xuño de 2021, pola que se inadmite parcialmente a súa solicitude de acceso á información ante a Consellería de Facenda e Administración Pública, referente á relación individualizada das prazas ofertadas na oferta de emprego público do 2019, relativa á especialidade de enxeñeiros de camiños, canles e portos.

O reclamante indicaba que se lle denega o acceso ao documento que contén a relación individualizada das prazas ofertadas na oferta de emprego público do 2019, relativa á especialidade de enxeñeiros de camiños, canles e portos en base a que require un proceso de reelaboración. O reclamante considera que non é correcto por canto se trata de prazas dun proceso de estabilización, que teñen que cumprir unha serie de requisitos específicos para poder ser ofertadas, requisitos que aparecen no propio anuncio da Oferta de Emprego Público (OPE) de 2019 publicado no Diario Oficial de Galicia e que a dita especificidade fai que o

cumprimento deses requisitos tivo que ser forzosamente verificado antes da publicación da OPE 2019.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 22 de xullo de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Facenda e Administración Pública para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 11 de agosto de 2021 a Consellería de Facenda e Administración Pública contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que por Decreto 33/2019, do 28 de marzo, aprobouse a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

No Decreto 33/2019, do 28 de marzo de oferta de emprego ofertáronse un total de 6 prazas da escala de administración especial de enxeñeiros (subgrupo A1) especialidade de camiños, canais e portos, prazas relativas ao proceso de estabilización de emprego temporal de conformidade co previsto no artigo 19.un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

Corresponde a cada comunidade autónoma concretar o contido dunha oferta de emprego, determinando que prazas se inclúen na oferta, cales delas se cobren mediante novos ingresos e que grupo, corpo ou escala está chamado a cubrir a praza. O anexo II do referido Decreto contén prazas xenéricas sen que se poidan concretar os postos de traballo que se van a ofertar en elección de destino aos aspirantes que superen os procesos selectivos derivados desta oferta, dado que ningún dos postos dos anexos vai vinculado a persoas. Por tanto o que determina a oferta é unha previsión de prazas vacantes que reúnan os requisitos correspondentes, pero a determinación e coñecemento de cada posto de traballo que no futuro se vai a prover de forma estable a través do proceso selectivo realizarase no momento da elección de destino das vacantes que figuren nese momento e non na oferta nin sequera nas convocatorias correspondentes, polo que non resulta posible determinar en concreto as prazas que van a ser obxecto dos procesos selectivos nos termos individualizados que solicita o reclamante.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda

resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos

responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no informe da Dirección Xeral de Función Pública, a resolución contra a que se recorre é do 10 de xuño de 2021 (descoñecese a data de notificación ao interesado dado que a Administración non remitiu copia do expediente solicitada), é o interesado refire na súa reclamación como data de resposta da Administración o día 11 de xuño de 2021, débese admitir a reclamación presentada por estar en prazo, ao ser o último día do mesmo (11 de xullo) inhábil (artigo 30.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e presentarse a reclamación no primeiro día hábil seguinte (12 de xullo de 2021).

Quinto.- Análise do expediente

O reclamante solicitou da Consellería de Facenda e Administración Pública o acceso a copia dos documentos que forman parte dos expedientes administrativos das ofertas de emprego público de 2015, 2017 e 2019. A dita Consellería resolveu con data do 10 de xuño de 2021, dar acceso a unha parte da información solicitada e inadmitir a solicitude no referente ao acceso aos documentos que conteñan a relación individualizada das seis(6) prazas ofertadas na oferta

de emprego público para o ano 2019 (Decreto 33/2019), mediante proceso de estabilización de prazas de funcionarios, para a especialidade de enxeñería de camiños, canles e portos.

A denegación fundaméntase na causa de inadmisión establecida no artigo 18.1.d) da Lei 19/2013 (solicitudes de acceso á información pública relativas a información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración) sen que a xustificación que figura na resolución se poida considerar suficiente, xa que se limita a afirmar que *“para facilitar información relativa a relación individualizada de prazas e centros directivos de adscrición incluídas nas ofertas de emprego público mediante procesos de estabilización así como información relativa a ocupación de prazas, datas, con titular funcionario de carreira, reserva de prazas... resulta preciso a reelaboración da información accesible nos enlaces indicados”*.

Respecto do concepto de reelaboración, esta Comisión xa se pronunciou en ocasións anteriores, e en liña co Criterio Interpretativo 7/2015 do Consello de Transparencia e Bo Goberno e a xurisprudencia existente na materia, no sentido de que as causas de inadmisión establecidas no artigo 18 da Lei 19/2013, deben ser interpretadas de maneira restritiva. En materia de acceso á información, débese partir da premisa de que o dereito de acceso aparece configurado no noso ordenamento cunha formulación ampla, de xeito que só son aceptables as limitacións que resulten xustificadas e proporcionadas.

Pódese considerar que existe reelaboración cando a información que se solicita debe elaborarse expresamente para dar unha resposta, facendo uso de diversas fontes de información, ou cando o organismo ou entidade á que se solicite a información, careza dos medios técnicos que sexan necesarios para extraer e explotar a información concreta que se solicita, resultando imposible proporcionar a información solicitada.

Existen supostos cos que a reelaboración puidese confundirse pero que, con todo, non constitúen hipótese desta natureza. Así, e dunha parte, a reelaboración debe distinguirse dos casos nos que o volume ou complexidade da información que se solicita fai necesario un proceso específico de traballo ou manipulación para conseguila, que xustifica, como prevé o artigo 20.1 da Lei 19/2013, unha ampliación do prazo para resolver.

Non se pode facer unha interpretación estrita do dereito de acceso no senso de conceder o acceso unicamente no caso de que se soliciten documentos concretos existentes: o simple feito de que a entidade pública teña que refundir ou concentrar a información que se deriva ou deduz de varios documentos, salvo que exista unha norma con rango legal que imponha esta tarefa adicional, non sempre xustifica que se poda inadmitir a solicitude. Nestes casos é necesario valorar factores tales como o volume de información que se está a solicitar, o esforzo que para o órgano vai a supoñer recompilar a información e a repercusión sobre o cumprimento das súas funcións que vaia a supoñer e o interese público existente na difusión

da información. O simple feito de que os datos requiridos non consten reflectidos nun documento concreto preexistente á solicitude, non debe baleirar de contido ao dereito de acceso á información, e no presente caso, a información se está a solicitar unicamente sobre 6 prazas, polo que non se considera xustificada a inadmisión por este motivo.

Porén no informe remitido pola Dirección Xeral de Función Pública con data do 10 de agosto de 2021 no presente expediente de reclamación, faise constar que na Oferta de Emprego Público (OPE) de 2019, ofertáronse un total de 6 prazas da escala de administración especial de enxeñeiros (subgrupo A1) especialidade de camiños, canais e portos, sen que ata o momento no se convoque ás persoas aspirantes superen o proceso selectivo derivado da oferta, se poidan concretar os postos de traballo que se van a ofertar en elección de destino, dado que o que determina a oferta é unha previsión de prazas vacantes que reúnan os requisitos correspondentes, as prazas concretas non se determinan ata ese momento.

De acordo coa definición de información pública da Lei galega 1/2016, e da Lei básica estatal 19/2013, as solicitudes de acceso deben estar baseadas en información xa existente e dispoñible, en poder dun organismo ou entidade suxeita á Lei, no momento no que se produce a solicitude e, ademais, debe ser información elaborada ou adquirida no exercicio das súas competencias.

No marco dunha solicitude de acceso á información, cando se solicita unha información ou unha documentación que non existe como no presente caso, dado que non están determinados os postos concretos a cubrir ata a convocatoria para a elección de destino polas persoas aspirantes que superen o procedemento de provisión, o suxeito obrigado debe indicar á persoa solicitante con claridade, que a dita información non existe. De acordo co anterior, procede a desestimación da reclamación presentada, non pola concorrencia da causa de inadmisión do artigo 18.1.d) citado, senón por tratarse de información inexistente nestes momentos, e que por tanto non está dispoñible.

A Dirección Xeral de Función Pública non remitiu a copia do expediente solicitado por esta Comisión, polo que lémbraleslle, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, a súa obriga de facilitar á Comisión a información que se lle solicite para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 12 de xullo de 2021, contra a Reclamación contra a Resolución da Dirección Xeral de Función

Pública do 10 de xuño de 2021, pola que se inadmite parcialmente a súa solicitude de acceso á información ante a Consellería de Facenda e Administración Pública, referente á relación individualizada das prazas ofertadas na oferta de emprego publico do 2019, da especialidade de enxeñeiros de camiños, canles e portos

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:

S6500009C)

Fecha: 2021.09.23 13:24:35 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.